



DATOS IDENTIFICATIVOS

Proxectos De Debuxo E Pintura

Materia	Proxectos De Debuxo E Pintura			
Código	P01G010V01904			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Fernandez Fariña, Almudena			
Profesorado	Fernandez Fariña, Almudena Rodriguez Caldas, Maria del Mar			
Correo-e	almudena@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Desenvolvemento dun proxecto creativo articulado desde a práctica da pintura e o debuxo e inserto na lóxica cultural contemporánea.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A27	Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
A41	Capacidade para realizar proxectos de investigación artísticos.
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
A44	Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores
A45	Habilidade para comunicar e difundir proxectos artísticos

A48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
A49	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios para o desenvolvemento do traballo artístico
B2	Capacidade de xestión da información.
B3	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B7	Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento da situación actual do debuxo e a pintura como medios de produción artística.	A1 A5	
Coñecemento do debate teórico actual acerca destas disciplinas.	A5 A6 A7	
Coñecemento das manifestacións do debuxo e a pintura desenvolvidos espacialmente.	A1 A7	
Capacidade de desenvolvemento de proxectos creativos persoais no campo do debuxo e/ou a pintura.	A19 A20 A27	
Capacidade de integración dos recursos propios destas disciplinas con outros campos da creación artística.	A33 A49	
Capacidade de comprensión das posibilidades de desenvolvementos creativos en debuxo e pintura.	A19 A20 A22	
Capacidade para aplicar os recursos técnicos do debuxo e a pintura en proxectos artísticos.	A31 A32 A38 A41	
Habilidade no manexo de recursos técnicos, visuais e conceptuais xerados na actualidade dentro destas áreas.	A42 A43 A44	
Habilidade no desenvolvemento de recursos técnicos, visuais e conceptuais adaptados ás necesidades do proxecto.	A43 A44	
Habilidade para o desenvolvemento de proxectos nos ámbitos do debuxo e/ou a pintura.	A43 A44	
Habilidade para integrar disciplinas distintas de creación de imaxes.	A43	B7
Habilidade para a presentación e documentación de proxectos.	A36 A39 A45 A48	B2 B3

Contidos

Tema	
BLOQUE I. Teoría do proxecto. Configuración do proxecto.	A preeminencia da idea. A preeminencia da forma. O equilibrio forma/contido.
Definición e clasificación de proxectos.	Proxectos para a arte. Proxectos para os suxeitos. Proxectos para a sociedade.
Fases e desenvolvemento de proxectos de debuxo e pintura.	
BLOQUE II. Aperturas no proxecto. Revisión dos conceptos tradicionais no debuxo e na pintura.	A ruptura das convencións nas relacións medio-útil-soporte. A pintura e o debuxo expandidos no espazo. A integración doutras disciplinas nos eidos do debuxo e da pintura. A pintura e o debuxo despregados no tempo.
BLOQUE III. Desenvolvemento do proxecto.	O arquivo. O obradoiro. O contexto.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	18	0	18

Traballos de aula	28	80	108
Traballos tutelados	0	6	6
Metodoloxías integradas	2	12	14
Outras	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora Mar Caldas dos contidos correspondentes ao BLOQUE I: bases teóricas e directrices para o desenvolvemento dun proxecto de pintura/debuxo. Exposición por parte da profesora Almudena Fdez. Fariña dos contidos correspondentes ao BLOQUE II: formulación de novos conceptos para transgredir os límites das convencións impostas desde a tradición ao debuxo e á pintura.
Traballos de aula	O traballo de aula/obradoiro é o eixo vertebrador da materia, é a base fundamental no desenvolvemento dun proxecto de pintura/debuxo. Os coñecementos adquiridos nas clases maxistras (BLOQUE I e II) complétanse coa experiencia práctica e a reflexión individual do estudante no obradoiro (BLOQUE III). O traballo de aula/obradoiro desenvólvese maioritariamente en horas non presenciais; isto require unha actitude de implicación, constancia e compromiso real do alumno co seu traballo.
Traballos tutelados	Elaboración dun documento redactado individualmente no que o estudante reflexiona a partir dos contidos expostos no BLOQUE I.
Metodoloxías integradas	Aprendizaxe colaborativa: lectura individual de textos. Análise e reflexión colectiva. Redacción de conclusións por grupos e exposición destas conclusións. Proxecto simulado (a partir dos contidos do BLOQUE II): desenvolvemento dun proxecto de pintura/debuxo para intervir un espazo real: galería, museo, institución, espazo urbano.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Metodoloxías integradas	Nas horas presenciais de traballo de aula/obradoiro, as profesoras farán un seguimento continuo e individualizado dos traballos desenvolvidos. Trasladarán novos coñecementos, formularán interrogantes, alternativas, aportarán novos recursos e estratexias en función dos problemas específicos e as necesidades expostas en cada proxecto. As profesoras potenciarán a aprendizaxe e a investigación autónoma dos estudantes nas horas non presenciais. Achegarán bibliografía específica, referencias a textos, autores e obras que poidan ser de interese para o estudante e que enriquezan as súas formulacións.
Traballos de aula	Nas horas presenciais de traballo de aula/obradoiro, as profesoras farán un seguimento continuo e individualizado dos traballos desenvolvidos. Trasladarán novos coñecementos, formularán interrogantes, alternativas, aportarán novos recursos e estratexias en función dos problemas específicos e as necesidades expostas en cada proxecto. As profesoras potenciarán a aprendizaxe e a investigación autónoma dos estudantes nas horas non presenciais. Achegarán bibliografía específica, referencias a textos, autores e obras que poidan ser de interese para o estudante e que enriquezan as súas formulacións.
Probas	Descrición
Outras	Nas horas presenciais de traballo de aula/obradoiro, as profesoras farán un seguimento continuo e individualizado dos traballos desenvolvidos. Trasladarán novos coñecementos, formularán interrogantes, alternativas, aportarán novos recursos e estratexias en función dos problemas específicos e as necesidades expostas en cada proxecto. As profesoras potenciarán a aprendizaxe e a investigación autónoma dos estudantes nas horas non presenciais. Achegarán bibliografía específica, referencias a textos, autores e obras que poidan ser de interese para o estudante e que enriquezan as súas formulacións.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Contol de asistencia.	

Traballos de aula	Control de asistencia. Seguimento do traballo, revisións continuadas. Presentación, desenvolvemento e coherencia do proxecto persoal. Resolución técnica dos traballos. Nivel de autocrítica e análise. Afondamento e implicación no proxecto. Asimilación dos conceptos vertidos nas clases maxistras. Disposición investigadora e experimental. Interese por ampliar coñecementos (visitas a exposicións, lectura da bibliografía).	70%
Traballos tutelados	Nivel de análise. Asimilación e afondamento nos contidos da materia. Puntualidade na entrega.	5%
Metodoloxías integradas	Aprendizaxe colaborativa: nivel de análise. Participación activa. Colaboración ao debate. Asistencia. Proxecto simulado: análise e valoración do espazo a intervir. Diálogo e integración da obra ao lugar. Adecuación dos medios, recursos e estratexias ás necesidades da intervención. Coherencia co proxecto persoal. Claridade no desenvolvemento. Puntualidade na entrega.	10%
Outras	Exposición final da obra realizada (na aula/obradoiro). Defensa oral do proxecto. Interese e achegas do proxecto. Evolución. Nivel de análise. Capacidade autocrítica. Capacidade de síntese.	15%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Máis de dúas faltas de asistencia (sen xustificar) ás clases maxistras equivalen a un *non presentado* na nota final.

Máis de tres faltas de asistencia (sen xustificar) ao obradoiro equivalen a un *non presentado* na nota final.

É obrigatoria a realización de todos os traballos (traballo tutelado, proxecto simulado, exercicio de colaboración, exposición final e defensa do proxecto) para optar ao aprobado.

Os estudantes de segunda convocatoria presentarán todos os traballos sinalados, excepto o exercicio de colaboración, que será substituído por unha proba escrita.

Datas das probas de avaliación, presentacións finais e defensa de proxecto:

GRUPO P1: mércores, 27 de xaneiro. GRUPO P2: xoves, 21 de xaneiro (nos horarios de aulas)

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 6 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

VVAA, **Vitamine P, new perspectives in painting**, Phaidon,

VVAA, **Vitamine D, new perspectives in drawing**, Phaidon,

Scheede, U.M. and Rimanelli, D., **Wall works: site-specific wall installations**, Schellmann,

Hernando, Javier (comisario), **Pintar sin pintura**, Junta de Castilla y León,

Picazo, Gloria (comisaria), **Pintar sense pintar**, Centre d'Art la Panera,

Barro, David (comisario), **Skyshout. A pintura despois da pintura**, Auditorio de Galicia,

Pérez-Jofre, Ignacio (comisario), **Pintura mutante**, MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo,

VVAA, **O debuxo por diante**, CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea,

Greenberg, Clement, **Arte y Cultura.**, Paidós Ibérica,

Buchloh, Benjamin H. D., **Formalismo e Historicidad**, Akal,

Hermo, Carmen, **Pintar en la era digital**, Deputación Provincial de Pontevedra,

Barro, David, **Antes de ayer y pasado mañana**, Dardo,

Gómez Molina, Juan José (coordinador), **Estrategias de dibujo en el arte contemporáneo**, Cátedra,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Procesos De Investigación E Creación/P01G010V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Debuxo/P01G010V01402

Pintura/P01G010V01404

Produción Artística: Imaxe I/P01G010V01503

Arte E Contemporaneidade/P01G010V01601

Produción Artística: Imaxe II/P01G010V01602